

## O goberno local leva ninguneando aos afectados da Ampliación da AP-9 dende que entrou no Concello

Foron numerosas as reunións e actos partidistas nos que participou Javier Bas coa ministra Ana Pastor, co presidente Feijóo, co subdelegado do goberno, con responsables do Ministerio de Fomento, con responsables de Audasa, etc. Reunións que se supuñan como xestións para a veciñanza afectada pola AP-9, veciñanza que durante anos meteu por rexistro numerosas demandas a través dos seus representantes. Reunións das que o alcalde do PP alardeaba na prensa de estar satisfeito cos resultados das mesmas. Durante cinco anos tentou simular unha real preocupación tanto nas reunións coma con fotos en tódolos medios; un alcalde que non tivo ningún reparo en usar as presuntas xestións da AP-9 para volver sacar réditos políticos nas pasadas eleccións municipais. Máis alá de todas estas desmotivadas pretensións, a día de hoxe a realidade é outra moi distinta:

- A día de hoxe **Fomento e Audasa avanza coa súa obra sen o reparo necesario na veciñanza, no medio ambiente e no noso patrimonio.**

- A día de hoxe **a maquinaria pesada de Audasa pon en perigo a residentes en Cabanas**, ao traballar sen a seguridade axeitada; interrompe con **vibracións e rúidos o funcionamento normal do Colexio Igrexa e o Instituto de Chapela.**

- A día de hoxe **as reposicións dos servizos públicos afectados** pola ampliación da AP-9 no municipio de Redondela **son unha ilusión**, ao non ter presuposto para a súa execución no actual proxecto, que só contempla remendar o que se rompe.

- A día de hoxe aínda **non hai data para o inicio das obras do novo Colexio Igrexa de Chapela.**

-A día de hoxe **non hai resposta algunha sobre a situación das 459 vivendas** que quedan afectadas pola Lei de Estradas nos tramos urbanos do municipio de Redondela.

- A día de hoxe as medidas correctoras sobre a **contaminación acústica da AP-9** nos tramos urbanos do concello de Redondela son un soño que poderá tardar anos en facerse realidade despois do remate das obras. E isto non o dicimos nós, así figura na memoria do proxecto.

Ademais destes puntos, hai moitas máis preocu-

pacións da veciñanza afectada, preocupacións que levan presentando ante os poderes públicos e políticos dende xullo do ano 2010, e que a día de hoxe, eses poderes declaran que as solucións están en fase de estudo, ou que o Ministerio de Fomento estaba en interinidade e non poden tomar decisións para minimizar o impacto das obras nos barrios afectados.



**O goberno local de Redondela amosa estar do lado de Audasa ao convocar a comisión de seguimento da AP-9 catro meses despois!!**

**Os grupos políticos da oposición denuncian a ocultación de información sobre as obras da AP-9 por parte do PP de Redondela.**

**AER** e o PsdeG-Redondela solicitaron por rexistro a convocatoria urxente da Comisión de Seguimento das Obras de Ampliación da AP-9; petición que tamén ten solicitado a Asociación de Afectados da AP-9. Esta Comisión non se convocaba dende o 28 xuño, a pesar das numerosas demandas polo incremento dos problemas xerados por esta ampliación. **Catro meses despois da presión da veciñanza, de AER e do PSOE, o equipo de goberno pediu dita comisión.**



## As ANPAs levan as súas demandas ao pleno do Concello

Por petición das **ANPAS** dos centros educativos do noso concello, levouse unha moción a pleno para tentar **"dar solución aos numerosos problemas que ano tras ano se topan á hora de xestionar as súas axudas por parte do Concello"**.

As súas razóns foron as seguintes:

- Houbo familias que aínda tendo pleno dereito a percibir as axudas de comedor, **non se lles concederon por falta de orzamento nesta partida.**

- **A xestión e peso destes trámites está a recaer basicamente nos membros das ANPAS** que asumen e realizan estas funcións de xeito altruísta.

- **Os cartos subvencionados non chegan a tempo** co consecuente esforzo que isto supón para as ANPAS, que se ven obrigadas a adiantar os cartos dos comedores e das actividades extraescolares de xeito habitual e durante longos períodos de tempo.

Por todo isto, pediuse no pleno de maio:

- **Axilizar e facilitar os trámites** para a solicitude destas subvencións.

- **Adiantar unha porcentaxe da contía (40%)** unha vez concedida a subvención e **o resto nun prazo máximo de 1 mes** dende a xustificación das facturas.

- **Aumentar a partida orzamentaria en función do custe.** O goberno local non dota esta partida de gasto social cos cartos suficientes para cubrir o custe total e isto provoca que haxa familias que aínda tendo dereito a percibir as axudas de comedor, quedan sen cobrar.

Paralelamente o BNG presentou outra moción solicitando, debido á deixadez e incapacidade de xestión por parte da Concelleira de Ensino, **o cese da concelleira en tódalas súas atribucións. Proposta aprobada en pleno por toda a oposición.**

A día de hoxe, a Concelleira Teresa París xa non ostenta a competencia de Ensino que lle foi retirada, pero non en aras de respectar o acordo plenario por parte do alcalde, senón polo novo reparto de competencias entre os membros do seu equipo de goberno.

## O PP ten enterrada a comisión de investigación da piscina de Chapela

Os colectivos sociais de Chapela solicitaron e pediron a comisión de investigación, nunha moción presentada a través de AER no pleno do Concello no ano 2012. É inadmisíbel que unha comisión deste tipo leve case catro anos sen ningunha conclusión ao respecto dese proxecto desastroso do goberno de Xaime Rei, que duplicou o seu orzamento inicial.

**A derradeira xuntanza da comisión de seguimento foi en novembro do ano 2014**, unha xuntanza á que estaba citado o ex-concelleiro de urbanismo Emilio González e a Arquitecta do proxecto, persoas que non compareceron como se lles pedía; unha xuntanza na que se acordou a contratación dun equipo externo ao Concello para estudar e sacar un informe do expediente a execución da obra, así como a recepción da mesma.

Dende **AER pedimos varias veces por rexistro**, ao longo destes case 2 anos, **a convocatoria da comisión**, e a única resposta que recibimos foi en outubro de 2015, cando dende Alcaldía se nos dixo que *"debido ao inicio do novo mandato había que incluír a novos representantes dos grupos que forman o pleno do Concello"*, e dende esa resposta **o silencio na comisión foi absoluto ata o día 21 de xuño pasado.** Javier Bas non cumpre coas decisións acordadas nas comisións deste Concello e cando non son do seu agrado nin sequera as convoca, o mesmo está a facer coa comisión de seguimento das obras da ampliación da AP-9, a dos servizos privatizados, etc.



Neste caso en concreto, un dos problemas que levaron a Javier Bas a non convocar asiduamente esta comisión é a consecuencia dos **numerosos problemas** que ven carrexando a **instalación** dende a súa apertura, e que **apuntan tamén á recepción da obra feita polo seu goberno e firmada polo actual concelleiro de medio ambiente.**

Unha recepción na que o expediente apunta a que se recepcionou a instalación deportiva cunha **escasa revisión previa.**

Grazas de novo a unha mala xestión do goberno de Javier Bas, a veciñanza de Redondela non vai saber endexamais o que pasou en realidade cun dos derradeiros despropósitos urbanísticos do goberno de Xaime Rei, no que **o proxecto pasou de estar orzamentado en 3.2 millóns de euros aos case 6 millóns que se chegaron a pagar.**

## **AER critica os favoritismos na organización de eventos ao aire libre e deixadez de funcións no goberno local de Redondela**

AER ven de constatar a grave falta de responsabilidade e a existencia de favoritismos no labor do goberno local á hora da concesión de permisos para a realización de actos ao aire libre. No mes de maio, **AER realizou unha serie de rexistros solicitando información sobre os seguros de responsabilidade civil obrigatorios**, tal como indica o Concello de Redondela na correspondente ordenanza, **e plan de evacuación de diversos actos**, algúns propios do Concello e outros realizados por entidades privadas. No que respecta a algúns actos dos que é responsable o Concello de Redondela, non se proporcionou copia do Plan de Emerxencias que se require a todo tipo de actos e remitiuse ao protocolo esixido polos mandos policiais á fronte en cada un dos eventos, protocolo que non foi aportado e que, polo tanto descoñécese por completo.

Da resposta dada respecto aos eventos que se realizan durante a festividade local do Cristo, **o goberno local recoñece** que no que respecta a estes actos que se realizan na vía pública **non se lles esixe, á diferenza dos demais veciñ@s, seguro de responsabilidade civil** algún. Esta situación é vista dende **AER** como un **acto de favoritismo intolerable**, sobre todo tendo constancia de que a numerosos programadores de eventos e de entidades privadas que organizan eventos na vía pública se lles esixe tanto seguro de responsabilidade civil como plan de seguridade, a expensas de que non se lles autorice o evento de non cumprir ditos requisitos en tempo e forma.

A esta situación, que entendemos, de **privilexios encubertos** tamén hai que sumar o caso do descontrol coas **fogueiras de San Xoán** do presente ano 2016. Todas as fogueiras tiñan a obriga de realizar a correspondente solicitude de **permiso** contando con **seguro de responsabilidade civil** e dispoñendo o material o día anterior á queima, condicionado a que non se instalen materiais que conteñan substancias que poidan emitir fumes tóxicos. Sorprendente foi a actitude do goberno local á hora de publicar unha nova de prensa responsabilizando a un veciño particular de denunciar os incumprimentos dalgunhas fogueiras, cando o que aconteceu realmente é que **os responsables de supervisar as fogueiras non realizaron correctamente a supervisión dos permisos extraordinarios necesarios en cada caso**, se o emprazamento era o apropiado ou non e se os materiais empregados nas fogueiras cumprían cos requirimentos medioambientais. Esta **omisión nas súas funcións do departamento de Medio Ambiente e no de Interior** púxose en evidencia cando

un veciño a nivel particular notificou ao Concello as deficiencias que el mesmo detectou. O goberno local recoñece que foi nese momento cando asumiu as súas responsabilidades e revisou as fogueiras que presentaban deficiencias e das que recibira notificación, así como tódalas fogueiras construídas e autorizadas polo Concello. Ao realizarse a última hora e a correr, de detectarse deficiencias non cabe dúbida que os organizadores non teñen marxe suficiente para corrixir con tempo esas deficiencias, sendo **o goberno local o responsable inmediato de calquera cancelación ou problema na organización destes eventos tradicionais**, directamente relacionados coa súa lentitude e ineficiencia á hora de xestionar as súas responsabilidades como goberno local.

Dende **AER** consideramos que a situación de omisión das súas responsabilidades, o actuar a última hora a medida que lles marcan os pasos, a **deixadez de funcións tanto pola Concellería de Interior como pola Concellería de Medio Ambiente**, é unha situación intolerable, repetitiva e irresponsable. Isto sumado aos **favoritismos detectados con algúns organizadores de eventos ao aire libre fronte a outros**, está dando lugar a unha situación intolerable, inxusta, así como prexudicial para conferir a suficiente seguridade e tranquilidade á hora de realizar estes eventos no noso concello.



**A Agrupación** tamén quere facer un **chamamento á corresponsabilidade da veciñanza e dos organizadores de eventos** tales como o de San Xoán, programando as actividades en localizacións onde **non se produzan danos ao entorno natural e con materiais que non resulten nocivos co medio ambiente**. Unha responsabilidade que debe ser maiúscula nas actuacións en espazos protexidos como na Rede Natura da Enseada de San Simón, do mesmo xeito que a Agrupación tamén lle ven demandando esa responsabilidade ao propio goberno local en actuacións como a nefasta actuación do muro do paseo da punta de Cesantes, as actuais obras de reparación da rampla da praia de Cesantes, a ineficaz xestión da contaminación da praia de Arealonga ou a pretendida chatarrería de barcos en pleno estreito de Rande.



## Taxa do lixo, ¿quen tiña razón?

É coñecida por un bo número de veciños e veciñas a modificación da taxa do lixo que acostumaban a pagar. Dita modificación foi recorrida por moitos deles, sendo rexeitados ditos recursos no Concello por continuas resolucións de alcaldía.

**Gran parte dos recorrentes argumentaban que a distancia da súa casa ata os contedores do lixo era superior aos 100m. que establece a ordenanza e, consecuentemente, correspondíalles unha taxa reducida en vez da completa que se lles estaba a remitir.**

Ante o alto número de reclamacións, **AER** decidiu consultar cos servizos técnicos do Concello, os cales comentáronnos que hai tempo que advertiran ao equipo de goberno que era necesario modificar a ordenanza, advertencia á cal o goberno de Javier Bas fixo caso omiso.

Unha detrás doutra **foron denegadas as apelacións ata que un grupo de veciños do barrio da Telleira decidiron acudir ós tribunais.** Insistía o Sr. alcalde e os servizos xurídicos do Concello, en contra do que dita o sentido común, en que a distancia non debería entenderse ata os contedores senón "ata a zona de recollida". Ninguén entende nin entendía o significado de zona de recollida, porque dito así todo o concello é zona de recollida e ninguén estaría fóra dela. **Así llo fixemos saber no pleno do 30 de abril 2015 nunha comparecencia ao alcalde solicitada por AER sobre este tema.**

Pois ben, xa temos a interpretación dun xuíz. Na sentenza 00190/2016 o xuíz do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ven a dicir:

*"... fácil es interpretar que cuando la Ordenanza se refiere a "zona de recogida" está asimilando la expresión a "punto de recogida", pues la otra interpretación es absurda: no basta con que los vehículos utilizados por la concesionaria transiten por la "rúa ou lugar" donde el vecino tiene su domicilio. La utilidad del servicio viene dada porque ese vehículo se detenga para recoger los residuos en la "rúa ou lugar donde habita el sujeto pasivo y esa recogida se localice a menos de cien metros de su casa.*

*Como también puede ocurrir que un ciudadano tenga su vivienda en un "lugar", no en una calle, por el que no transite el vehículo de recogida pero cuente con contenedores a menos de cien metros de distancia: evidentemente, estará sujeto al pago de la cuota ordinaria"*

**Conclusión: Os demandantes teñen dereito á cota reducida cando a distancia dende a súa vivenda ata os contedores sexa superior ós 100m.**



A cuestión que agora nos queda por aclarar é: Dado que o Sr. Alcalde se acolleu unha e outra vez a esa "interpretación absurda" sobre o significado de zona de recollida e rexeitou múltiples alegacións ó respecto ¿QUE PENSA FACER AGORA?.

**Queremos pensar que rectificará todas e cada unha das resolucións que ditou nese sentido sen que a veciñanza teña que recorrer á xustiza ¿NON SI?**

**TOCA DEVOLVER O QUE SE COBROU DE MÁIS POLA MALA XESTIÓN DE JAVIER BAS.**

A raíz desta sentenza, ao goberno de Javier Bas entráronlle as présas e trouxo unha modificación da ordenanza ao pleno do 4 de xullo. Asunto que **foi retirado da orde do día a petición do conxunto da oposición xa que nos pareceu e parece un tema que habería que abordar con máis calma.**

A **nova proposta aprobada** no pleno do 28 de xullo é a seguinte:

- Cota normal (Zona A): 71€/ano.
- Cota reducida (Zona B): 35€/ano.

**Actualmente, esta modificación na ordenanza do lixo aínda non entrou en vigor por atoparse o proceso no estudo das alegacións á mesma presentadas. Recordarvos que podeades presentar as vosas reclamacións de considerar que vos topades no mesmo suposto legal.**

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER\_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

[www.aeredondela.com](http://www.aeredondela.com)

**BOLETIN Nº44**

**11 novembro 2016**